



# 2

## A carraxe de Faísca

Faísca abriu os ollos. No seu cuarto aínda reinaba a escuridade a pesar dunha débil luz que entraba por entre as fendas da persiana. O que non había era ningún ruído, nin o máis mínimo. Subiu un chisco a persiana e abriu a ventá; fóra, na rúa, todo estaba calmo. Non circulaba ningún coche, unha anormal calma envolvíao todo.

Entón escoitou unha voz que o chamaba desde fóra, unha voz grave e penetrante que lle indicaba que fose onda ela. Faísca vestiuse con moito coidado para non espertar aos seus pais que durmían no cuarto contiguo. Saíu da casa

baixando no ascensor até o portal, e abriu a porta unha mi-galla para botar unha ollada. Alí non había ninguén, pero volveu escoitar a voz dentro da cabeza que o incitaba a saír. Abandonou o portal con certo receo. Fóra, a cidade estaba nun silencio total; nin os zunidos das lámpadas, nin os ruídos de motos, nin o camiión do lixo... nada.

Pero no fondo da rúa si que había algo. O mozo non o distinguiu ben a primeira vez, pero logo viuno con claridade, alí había unha persoa sostendo algo nas mans. Faísca non tiña nin idea de quen era, nin que era aquel obxecto, pero el desexaba aquilo que posuía o descoñecido, collelo nas mans, sentilo seu.

Pouco a pouco, foise achegando á persoa que permanecía alí de pé. Se era ela a que antes lle falou, agora permanecía en silencio, soamente lle ofrecía aquel obxecto coma se fose un agasallo.

Entón detrás del a bastante distancia, apareceu correndo Ninfa. Corría con ganas, pero semellaba que lle custaba moito traballo avanzar.

Faísca non prestou atención a moza que intentaba con desesperación chegar até el, o mozo só tiña ollos para aquilo que tiña diante. A figura humana desprazábase na súa dirección, pero dun xeito moi estraño, sen mover as pernas, como deslizando sobre o chan. Unha vez estivo máis preto, viu que non era unha persoa, tiña máis parecido cun manequín de cor gris escuro, sen nada na cara. Achegouse a el quedando a uns pasos, mostrándolle aquel obxecto nas mans, ofrecéndollo. O mozo non era quen de recoñecer a natureza daquel obxecto. Cando apenas estaba a uns pasos, e con só estirar o brazo, sería seu.

—Faísca non, non o collas! —Ninfa berrou con angustia. Virouse e viu á moza que corría esgotada, pero que non conseguía chegar a onde estaba el.

Entón, de todas as partes xurdiron figuras de cor negra moi parecidas á que el tiña diante. Desprazábanse a toda velocidade cara a unha única dirección: o lugar onde se atopaba Ninfa.

Ela tentou desfacerse dos atacantes instándoo a que a deixaran en paz, pero os seus esforzos non acadaron ningún éxito. A moza non se podía mover con todos aqueles estraños seres rodeándoo por todas partes.

—Canón de lume!

Un chorro de lume xurdido das mans de Faísca varreu por completo a catro deses seres converténdoo en po, pero seguía habendo moitos ao redor da moza. Teimou co ataque unha e outra vez, facendo desaparecer ducias, incluso centos deses noxentos seres que non cesaban de chegar.

—Ninfa non!

Tantos ataques seguidos producíronlle un gran esgotamento. Sen embargo tiña que facer algo para axudar a súa amiga.

A voz resooulle unha vez máis no interior da testa, dicíndolle que si collía o “obxecto” podería librarse de todos eles facilmente.

A figura gris permanecera alí todo ese tempo na mesma postura, sen moverse nin un chisco, ofrecéndolle o “obxecto”. Faísca estirou o brazo pero dubidou, Ninfa non quería que collese aquela cousa, sen embargo estaba convencido de que era o único xeito de axudala. Virouse para ver en

que situación estaba a rapaza e quedou desolado, apenas lle asomaba un dos brazos debaixo dunha morea deses seres.

A carraxe apoderouse del, odiounos con todo o corazón, ían saber esas cousas quen era! Faísca ía desfacerse de todas unha por unha se facía falla.

Adiantou a man aferrando o obxecto con forza.

A primeira impresión foi cálida, como se estivese vivo. Logo viu a sensación de renovación das forzas, levando por diante todo o cansazo acumulado. Finalmente sentiu o poder. Un poder inmenso que lle percorría cada centímetro do corpo.

Dirixiu os seus pasos co obxecto na man cara a Ninfa. Sentiu como o odio o dominaba, un odio profundo por aqueles agresores que ousaban desobedecer atacando á moza. Ninguén tocaría a Ninfa sen o seu permiso.

Un lóstrego vermello iluminou a escura noite. Desta vez soamente lle fixo falla pensalo para que todos os atacantes de Ninfa estourasen converténdose en cinza.

Alí, deitada no chan, estaba a moza cos ollos pechados. Cando os abriu, viu cun xesto triunfal sostendo na man dereita aquel obxecto con forza.

—Solta iso Faísca, sóltao xa— implorou a rapaza.

Pero as súplicas foron en van, a el non lle parecía que tivese que soltalo. Aquela cousa aumentara dun xeito increíble o seu poder, e agora sentíase o amo do mundo enteiro. Dáballe a impresión de que podía facer arder calquera cousa con só pensalo.

Primeiro viu o coche aparcado do veciño do piso de arriba (ese que sempre o amolaba por ter a música tan alta),



merecía un pequeno escarmento. Cun só pestanexar, o coche estourou voando polos aires, provocando que todos os vehículos situados ao redor tamén empezasen a arder.

Faísca, divertido, continuou cos contedores de lixo tan só polo pracer de ver como ardían. Un por un foron estourando en cadea espaxando o contido como se fosen volcáns en erupción. A adrenalina corríalle polas veas e dá-lle máis pulos a este afán destrutivo. Tiña que probar con algo máis grande. A súa ollada detívose nun edificio situado á súa dereita, e este, quedou calcinado ao instante.

—Faísca, para! Para por favor! —pregoulle de novo Ninfa.

Pero o mozo estaba xa descontrolado, calquera cousa na que pousaba a ollada quedaba ao segundo reducida a cinzas.

Riu. Riu coma se fose un tolo.

A cidade, que antes semellaba estar baleira e deshabitada, de súpeto recuperou o seu aspecto normal. A xente empezou a asomarse polas ventás dos edificios en lapas pedindo socorro. Incluso os pais de Faísca saíron por unha das ventás implorando axuda.

O mozo decatouse do alcance das súas accións. Qui-xo paralo todo, pois el tiña o poder, el era o máis forte. Pero desta vez o lume non lle obedeceu, senón que sen querelo, el mesmo alimentaba a intensidade das lapas.

Incluso ao redor de Ninfa.

—Faísca, axúdame! —berrou desesperada, rodeada polo lume.

—Non! Eu non quería que isto acontecese!

—Faísc.....

—Non!

—NOOON!

Fáisca abriu os ollos. Atopábase na cama cuberto de suor. As luces estaban acesas e seus pais fitábano con expresión preocupada ao pé da cama.

—Estás ben? Metiches uns berros tremendos, xa pensaba que che acontecía algo —dixo seu pai.

El mantívose en silencio. Aínda non estaba seguro do que acababa de vivir. A calor latexáballe con forza nas mans.

—Debeu ser un soño, cariño, un pesadelo —conso-louno agarimosa súa nai.

—E... Estou ben... Non hai problema.

Os pais de Fáisca mirárono con certa preocupación, deixando ao mozo só no cuarto. Polo camiño ían murmurando en voz baixa o raro que estaba o fillo ultimamente.

Fáisca deixou que marchasen, pechando logo a porta. Alí, coa luz acesa, todo semellaba estar igual, coma sempre. Subiu a persiana, abriu a ventá, e botou unha ollada. Os semáforos, as árbores, os contedores de lixo... Alí non había cambio ningún. Soamente se escoitaban os habituais sons nocturnos da cidade; algúns coches pasando pola rúa, un camión de recollida, incluso algún motorista facendo ruxir a súa máquina na tranquilidade da noite.

Pechou a ventá, apagou as luces e volveuse meter na cama.

—“Coma sempre” —repetiuse unha e outra vez mentalmente—. “Todo está coma sempre”.

Pero el, no fondo, sabía que non era así.